

É tan presente a túa ausencia


HENRIQUE
DACOSTA



Existe de arredor da publicación dunha obra, do obxecto libro en si, todo un envoltorio (mesmo lle poderíamos chamar carcasa envolvente) non exento de relevancia para o que se irá a converter ao final no produto editado. Referímonos a aquilo que os técnicos designan co nome xenérico de paratexto, que abranxe epitexto e peritexto. Os elementos peritextuais, por tanto, coadxuvan á hora de enriquecer, embelecer ou acrecentar valor ao produto. O peritexto fai parte do soporte principal, de modo que empatiza, se solidariza, explícita e acompaña o contido que a continuación se ha de ler, facilitando a recepción do texto central. Deste xeito, un subtítulo, un pseudónimo, un prólogo, unha dedicatoria, un epílogo, etc. forman parte desta impedimenta envolvente a que nos estamos a referir.

Mais falando no caso concreto das dedicatorias, o que se pretende con elas é sinalar especialmente a unha ou varias persoas a quen o autor ou autora ofrece, quer o seu esforzo, quer os seus logros, que se supoñen han de estar implícitos no contido da obra. A este respecto, e voltando a vista atrás, quero repetir aquí a primeira que recordo dirixín a meu pai (tamén ao seu) e que pertence ao relato 'Nom demorou a sexta-feira', do libro 'Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias'. Di desta maneira: "A meu avó Sacundo in memoriam, buscador intrépido de tesouros cuspidos polo mar, e a meu pai, seu fillo mais velho, convizinhos fieis das indomáveis águas do Cabo Prioiro." Disque as persoas, unha vez falecidas, nunca se evaden por completo entre tanto están presentes no noso recordo. Eu, se acaso, até conseguín dar un paso alén, pois a presenza de meu pai xa é parte escrita da miña obra.

Noutra dedicatoria, neste caso na novela 'Os desherdados', apropieime deste fragmento do xenial José Saramago: "[...] há ocasiões em que um morto não tem paciência para se tornar invisível, outras vezes é a energia que lhe falta, sem contar que há olhos de vivos capazes de verem até o que não se vê." Talvez é así como eu o vexo, diáfano a través destes fillos do Venancio de ficción, quen vén comigo literariamente de hai anos, quer nesta mesma novela amenta-



En Penarroiba



Na eira e casa en construción

da, quer nese conto 'Nom demorou a sexta-feira', quer no de 'Ouro maldito' que aparece en "Seis ferroláns", quer no de 'Cabo do mundo', publicado nos Premios Pedrón de Ouro... Venancio, sempre Venancio, incardina nun certo sentido a este Sacundo, meu avó, e, indefectiblemente, será meu pai quen o acompañe nas máis das veces, formando parte dese macrotexto literario de que me vou fornecendo, ora axudándoo este no oficio da pesca, ora traballando de peón na escavación dos túneles das baterías do Prioiro no ano 1940... As historias, as anécdotas sen número que me foron referidas, os rimados, frases feitas, palabras singulares, os topónimos de que me proveu el durante tanto tempo, contribuíron ao meu acervo particular, canto á creación literaria se refire, mais tamén canto á información tan preciosa que me facilitou e que hoxe, felizmente, me gabo de tela recollido en diversos e variados artigos da revista Columba, noutros deste mesmo diario e nalgúns publicacións máis.

Foi home de memoria prodixiosa, meu pai, covicheiro empedernido, pois vivía en Ferrol, no seu barrio de Canido, pero cun pé abalando deco-

te, escorregando para o Prioiro, a súa terra máis auténtica e firme. E nin trinta anos de servizo en Montevideo, o seu caro observatorio meteorolóxico, o afastaban unha miga do seu lar, pois contemplaba desde o seu inmillorábel miradoiro, alá polo norte ao fondo, o seu cabo. El me ensinou a pescar, tanto ao fondo como ás luras, e oufanábase de saber moitos dos segredos de seu pai, o vello Sacundo, bon pescador de vara este desde a pedra. Ai, que boas aquelas robalizas ao pé do faro, no...!, non, non o direi, o sitio non o direi, aínda que as robalizas raras veces chegasen. E os camaróns, tan negros e grandes como lagostinos que, talvez por escasos, tan ben nos sabían e que apañaba na boca da Cova. E os percebes que, aínda que pouquiños, rapaba dun par de gretas non problemáticas e que, iso si, gordos como... de home.

Dou fe, aínda que de casti lle vén ao galgo, meu pai foi un home bon. Meu avó tiña por alcume de Dios, aínda que o fillo, ser, era Manolo de Socorro, dado que os fillos son das nais, sobre todo por seren quen os paren. Meu pai, digo, foi un home bon, todo o bon que pode ser un pai, que non é pouco, mais tamén foi un óptimo marido.

Coidou da súa muller, miña nai, até o seu último instante, xa senil, e preferiu levar conta dela na casa, nada de hospitais, pois deles tivera abondo con tantas idas e vindas. Ocorreu isto en 2016, noventa anos tiña el; feliz, porén, nese estado de permanente bonhomía que o caracterizaba, pois até era capaz de se prexudicar a si por beneficiar a quen xulgaba máis desvalido. Véxase nos tempos en que aínda existía o servizo militar, mandando para a casa o mariñeiro que tiña de garda con el para que pasase a Noiteboa e o Nadal xunto dos seus. El, en fin, éravos así, desta condición.

Fiel aos seus principios, xa fosen políticos ou anticlericais e arraigado ateísmo que sempre o caracterizou, cumpriu, porén, con rigor a vontade de súa esposa, crente e devota, asistindo tanto ás exequias como funerais, se ben prescindindo de calquera hipocrisía ou debilidade no momento do culto, de rezar ou de comungar. Mantívose enteiro, sen fisuras, pois a emoción pola perda da súa muller só a el lle cabía. E desta maneira, como non podía ser doutro xeito, cumpriuse a súa vontade logo consigo. Porque alá se nos foi, cos seus espléndidos 93 anos, sen ruído, mansamente, así até o derradeiro instante, discreto mesmo na morte. Aconteceu no 20 de novembro pasado. Caladamente. Foi incinerado, dado ser esta a súa última vontade. Non descansa, non, na súa aldea de Covas, mais en Doniños xunto da súa esposa. Miña irmá máis nova, feliz idea a súa, mandou traer unha pouca de terra apañada no terreo anexo á casa matriz, no do lugar. A urna contén, xa que logo, as súas cinzas e terra do ben querido Prioiro.

"Aquel que no horizonte duas veces/ enxergou o cometa, viveu muito./ Nom antecipes o teu próprio luito./ nem ao cabo te laies se esmoreces./ Eleva ao céu as mais rendidas preces./ pois o rio cruzaste a pé enxuto./ e estás na outra ribeira, enfim, no intuito/ do sentido da viagem que já esqueces./ Em breve findarém os passos teus./ O coração descansará de Deus/ na mao, nom sei se a esquerda ou a direita./ Deus é ambidextro. Tu sossegarás./ Saberás todo ou nada saberás./ Em todo o caso, a solução perfeita." Fálanos Carvalho Calero a través destes versos, da súa vida longa e plena, río da vida que cruzou con resolución. Deus, ironicamente, e visto con claro agnosticismo, quen sabe se terá significado, acabados os seus pasos sobre a terra. Ben caídos versos, en fin, para Manuel, da estirpe dos Jacosta, bonito epitafio. A ti, en fin, meu pai, porque tan presente é a túa ausencia.